

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

CÉDULA do 20 de novembro de 2012, da Xefatura do Servizo de Turismo de Pontevedra, pola que se notifica o acordo de incoación do expediente sancionador PO-S-71/2012 por infracción administrativa en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE número 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle á persoa que se cita a continuación o acordo de incoación ditado pola Xefatura de Servizo de Turismo de Pontevedra, do expediente sancionador en materia de turismo número PO-S-71/2012, por infracción administrativa da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non se puido practicar.

Advírteselle ao titular do establecemento denunciado que, de conformidade co artigo 13.2º do Real decreto 1398/1993, para o caso de no efectuar alegacións no prazo de quince días, e tendo en conta que o dito acordo contén un pronunciamento preciso sobre a responsabilidade que se lle imputa, poderá ser considerado como proposta de resolución.

Expediente: PO-S-71/2012.

Titular sancionado: Grupo Sanxenxo 2000, S.L.

Establecemento: Hotel Punta Vicaño.

Enderezo: praia de Silgar, nº 9.

Concello: Sanxenxo.

Data de incoación: 9 de agosto de 2012.

Feitos imputados: incumprir ou alterar as circunstancias que motivaron o outorgamento do título administrativo habilitante para o exercicio da correspondente actividade.

Precepto infrinxido: artigo 35.c) da Lei 7/2011, de turismo de Galicia.

Sanción proposta: 3.500 euros, de conformidade co establecido no artigo 114.b) da Lei 7/2011, de turismo de Galicia.

Pontevedra, 20 de novembro de 2012

M^a Ángeles Herrero Pérez
Xefa do Servizo de Turismo de Pontevedra

